



INSTRUCCIÓN DE INICIO DO CURSO 2020-2021

DATAS INICIO DE CURSO

Día 10 de setembro:

- 4º e 5º de Infantil(3 e 4 anos)
- 1º, 2º e 3º de Primaria

Día 11 de setembro

- 6º de Infantil(5 anos)
- 4º,5º e 6º de Primaria

HORARIO DE ENTRADA

Ás 9:20h soará o timbre. Antes de esta hora o centro estará pechado e non se poderá acceder a el (agás o alumnado do programa Abrente)

Alumnado transportado.

Este alumnado ten a obriga de empregar a máscara, incluído o de Infantil.

O transporte chegará ao colexio o máis puntual posible da hora de entrada (9:30h).

Baixarán do autobús de maneira escalonada e accederán directamente ás súas aulas e mantendo a distancia de seguridade.

Alumnado non transportado

Audirán ao centro pola porta principal o alumnado de Infantil, 1º, 2º e 3º de Primaria

O alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria farao pola porta do pavillón que dá ao camiño.

Cada titora recibirá ao seu alumnado na aula.

O profesorado especialista distribuirase no patio para que o alumnado se dirixa co distanciamento debido á súa aula.

Acceso ao colexio

O alumnado entrará só ao recinto escolar agás no caso do alumnado de 4º de Infantil que poderá ir cun acompañante e permanecerá nun espazo diferenciado antes da entrada á súa aula. O/a acompañante deberá ir provisto coa máscara.

Os adultos que acompañen aos nenos e nenas ata o colexio deben deixalos e marchar.

Non poden permanecer nas zonas de entrada nin no aparcadoiro.

HORARIO DE SAÍDA

Alumnado que non come no comedor:

Sairán todos/as pola cancela habitual, que dá ao aparcadoiro, ás **14:30h**.



Alumnado que come no comedor:

- Ao alumnado de E. Infantil (3, 4 e 5 anos) e 1º curso de primaria poden vir buscalos entre as **15:00h. e as 15:45h**
- O alumnado de 2º a 6º de primaria sairá ás **15:45h.**
- Os autobuses do transporte escolar sairán do colexio ás **15:45h**
- O alumnado sairá pola cancela que dá ao aparcadoiro

MATERIAL OBRIGATORIO PARA O ALUMNADO DE PRIMARIA

- 2 máscaras hixiénicas ou cirúrxicas (1 posta e outra de recambio) nun sobre, estoxo ou funda portamáscaras.
- Táper con tapa para a merenda.
- Botella de auga persoal reutilizable e irrompible (evitar as de plástico dun so uso).
- Todo o material de uso individual deberá vir identificado con nome e curso.

PROGRAMA ABRENTE:

Mantense o programa Abrente pola súa importancia para a conciliación familiar. Seguirase o protocolo ordinario establecido no colexio. Establécense as seguintes normas:

- Horario: De 8:30 a 9:20h
- Lugar: Aula de Inglés
- Nº máximo de alumnos/as: 10
- Os interesados deben cubrir a ficha de inscrición. Poden facilitar os datos chamando ao teléfono do centro 982870085 e asinar o primeiro día que leven ao neno/a.
- Será obrigatorio o uso de máscara tanto para o alumnado de primaria como para infantil (agás intolerancia).
- Para usar este servizo un día de forma puntual, débese chamar por teléfono o día anterior para comprobar que hai praza sen superar o aforo.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

- A “*Aula multidisciplinar*”, ofertada polo colexio de 16:00 a 17:00h, **NON funcionará de momento**. Cando a situación sanitaria o permita, poñerase en marcha esta actividade.
- O Concello de Barreiros e a ANPA do colexio están elaborando a súa proposta de actividades extraescolares que comezarían en outubro. Recibiredes información.

PEDIMOS A COLABORACIÓN DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA PARA QUE O CURSO 2020-2021 TRANSCURRA NA MAIOR NORMALIDADE.